



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”
Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)
20, 21 e 22 de maio de 2016

HOMENAXE A RAFAEL DIESTE EN RIANXO

Xesús Santos Suárez,
Escolante e historiador

O DERRADEIRO LANCE

(En memoria de Rafael Dieste)

Pola Arousa vai o troveiro
da verba namorada.
¡Reparai, donas, na súa tonada!

Timón e mastro,
proa e ronsel.
Roxo farol amante
nun polinomio de verbas estrelecidas.
¡Rafael, mestre, amigo,
unha nova dimensión levas contigo!

Viaxe, dor, perdición;
diálogos sen fin
nunha concepción rilkeana.
Postulado, axioma,
alma e espello
dun mundo lonxano.
¡Nosa prenda,
quen soubera descifralo!

A fiestra baldeira
é un pórtico da gloria
que estoura en luces e cores,
mentras no arquivo da noite
o trasno dos solpores
revira a folla.

Pola Arousa vai o troveiro
da verba namorada.
¡Reparai, donas, na súa tonada!



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”

Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)

20, 21 e 22 de maio de 2016

A gaivota do amencer
tece no aire encaixes ribeiráns
nimbados polo sol nacente.
O cadro é noso,
o marco fica estantío
agardando o lance derradeiro
dun inédito guiñol.
O pobo latexa nel;
nin xardíns fidalgos,
nin historias de Simbad:
Luz, peirao e soidades.

Pola vella pel do mundo
estende o Barbanza a man
e procura a fonte limpa
dun Rianxo azul e branco.
Faro aceso, mensaxeiro, gardián;
mundo de palabra iluminada
con raios de esperanza e vida.
E na folla ourilocente da ría,
en ara de olimpo trocada,
traza as liñas mestras
da filosofía diesteana:
Testamento xeométrico, ritmo,
nas coordenadas cartesianas
dun novo tratado de paralelismo.
Luz e sombra, ceo e terra;
movemento ecléctico, armonía.

Pola Arousa vai o troveiro
da verba namorada.
¡Reparai, donas, na súa tonada!

A chama do quinqué cor guinda
esmorece nun morse inusitado
e rexurde co espírito da Raza
pleno de evocacións lexendarias,
en cada castro, en cada dolmen,
en candeas de máxica luzada.



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”
Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)
20, 21 e 22 de maio de 2016

As galaxias do tempo
gravaron a última voz
da escola rianxeira,
laboratorio de formas
no cuarto do medio.
A sotavento, o camiño das illas;
a barlovento, o crucigrama do mar,
ateigado de imaxes, enfeitizado...

¡Eduardo, Daniel, Manuel Antonio...
acudide a coroalo!

Pola Arousa vai o troveiro
da verba namorada.
¡Reparai, donas, na súa tonada!

Xesús Santos Suárez